

ELIMÍNASE A TAXA DE REPOSICIÓN DE EFECTIVOS, DEMANDA HISTÓRICA DE UGT SERVICIOS PÚBLICOS

Servizos Públicos de UGT celebra a eliminación da Taxa de Reposición de Efectivo e sinala a importancia e necesidade de rematar co instrumento que, ata agora, estrangulaba a creación de emprego nas Administracións Públicas. O sindicato lembrou que se trata dunha reivindicación histórica de UGT, xa que a taxa de reposición supuxo un auténtico freo á adecuación do cadro de persoal ás necesidades do servizo público do noso país.

Respecto deste último, Isabel Araque, secretaria de Acción Sindical de UGT Servizos Públicos, sinalou que os empregados públicos representan aproximadamente o 14% da poboación activa e o 13% dos ocupados, cifras que, segundo Eurostat, están por debaixo dos países de referencia e dos países nórdicos.

UGT Servizos Públicos, nas Xornadas Confederais de Emprego, celebradas este mes de xaneiro, presentou un amplo conxunto de actuacións para as Administracións destinadas a mellorar o emprego público e garantir a calidade dos servizos prestados á cidadanía.

As medidas pasan por substituír a taxa de reposición de efectivos e buscar outra ferramenta que permita a cada Administración Pública autoorganizarse para determinar o volume necesario de emprego público. Esta medida permitiría unha xestión máis flexible e adaptada ás necesidades específicas de cada sector.

UGT Servizos Públicos empra a ao Ministerio de Función Pública a negociar esta e outras accións como o oportuno redimensionamento do persoal existente; plans de Ordenación de Recursos Humanos negociados, OPE Plurianuais e Dixitalización das Administracións.

O responsable sindical destacou a importancia da negociación colectiva na xestión da dixitalización. "Garantir a formación e reconversión dos empregados públicos sen destrución de emprego é fundamental para afrontar os retos tecnolóxicos actuais. Débense implantar programas específicos de formación en innovación tecnolóxica e dixitalización. Esta medida garantirá que os empregados públicos estean dotados das competencias necesarias para afrontar os retos da contorna laboral moderna", concluíu Isabel Araque.

